

Primaria

Plástica 1

Programación

Trimestre 3

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos dixitais
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Terceiro trimestre

Descrición da unidade

Neste trimestre avanzamos algúns contidos necesarios deste curso escolar, como a indagación da técnica mixta e un aprofundamento da técnica do estampado. Para iso contaremos con diferentes tarefas onde o alumno investigará distintos materiais que se poden usar para imprimir e crear unha obra plástica, neste caso a súa propia pegada dixital e a esponxa. Este contido irá unido a outros, como a correcta utilización das tesoiras e do pegamento para elaborar unha composición, o uso da técnica de estampación, e a técnica mixta (papeis de cores e rotuladores), a construción dun barco con material reciclable, e a consolidación da técnica das témperas e do coloreado con lapis. Todo será traballado tendo en conta o correcto uso e coidado dos materiais, os instrumentos e os espazos que se utilizan para desenvolver a clase de Plástica.

Como broche final do curso, a representación dunha obra teatral encamiñará o alumnado a apreciar o teatro como unha obra plástica, en canto a decorado, vestuario, composición de escena...

Algúns dos contidos deste trimestre son:

- O coñecemento do estampado como técnica artística.
- A realización dunha composición con papeis de cores.
- A representación teatral como unha manifestación artística.
- A transformación da obra plástica coa utilización das témperas.
- A curiosidade polas obras de arte que están nos museos.

Temporalización

Dende abril ata xuño.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Integrar os elementos da natureza na composición plástica: paisaxes de primavera, de fondo mariño...
- Representar elementos da natureza: flores, árbores, froitas...
- Manexar novas técnicas plásticas.
- Recrear medios de transporte: avión...
- Desenvolver destrezas en novas técnicas plásticas: colaxe con papeis resgados, estampado con esponxa...
- Aproveitar o material reciclable e recrear elementos do contorno.
- Coñecer o patrimonio artístico e potenciar a observación dunha obra ao compoñer un crebacabezas.
- Realizar unha composición tridimensional relacionada co argumento da obra teatral.

- Apreciar os recursos artísticos da representación teatral: declamación, expresión corporal e composición de escena, vestiario e atrezzo.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Descrición das imaxes nunha paisaxe primaveral. • Exploración visual e táctil das texturas artificiais. • Manipulación dunha esponxa para realizar estampacións. • Observación de elementos presentes no medio natural, como as froitas. • Exploración das liñas que delimitan a figura das froitas. • Elaboración de debuxos, estampados e ilustracións con papeis de cores. • Identificación da figura representada por Joaquín Sorolla. • Coñecemento das normas sociais en exposicións. • Declamación adecuada dun texto teatral. • Representación teatral. • Coñecemento das calidades dos rotuladores, as témperas e os materiais reciclables. • Exploración e manipulación de materiais reciclables. • Construción dun barco con material reciclable 	1. Representar e recoñecer un medio natural e unha paisaxe primaveral.	1.1. Describe as calidades dunha imaxe primaveral.
	2. Manexar as texturas artificiais.	2.1. Utiliza as texturas artificiais.
	3. Coñecer a esponxa como material para realizar estampacións sinxelas.	3.1. Usa a esponxa para crear estampacións. 3.2. Mostra confianza nas posibilidades da súa obra artística.
	4. Identificar ás froitas como elementos do medio natural.	4.1. Recoñece as froitas como elementos do medio natural. 4.2. Identifica as liñas do contorno das froitas.
	5. Realizar obras sinxelas con técnicas utilizadas en clase, como debuxos e ilustracións con papeis de cores.	5.1. Realiza debuxos e ilustracións utilizando materiais como os papeis de cores.
	6. Coñecer a figura de Joaquín Sorolla.	6.1. Recoñece a figura de Joaquín Sorolla como un valor artístico significativo na nosa cultura.
	7. Respetar as normas sociais en exposicións.	7.1. Respeta as normas sociais en exposicións.
	8. Declamación adecuada dun texto teatral.	8.1. Declama adecuadamente un texto.

<p>e dunha casa de campo con pezas acuñadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación dunha composición sobre un fondo mariño. 	<p>9. Saber expresar oralmente as impresións dunha representación teatral.</p>	<p>9.1. Describe oralmente as impresións que sente nunha representación teatral, usando o vocabulario apropiado.</p>
	<p>10. Coñecer as calidades de diferentes materiais, como os rotuladores, as témperas e o material de reciclable e utilízalos na elaboración de diferentes obras.</p>	<p>10.1. Experimenta con diferentes tipos de materiais (rotuladores, témperas e material reciclable) para crear as súas propias obras plásticas.</p> <p>10.2. Elabora un barco con material reciclable e unha casa de campo con pezas acuñadas.</p>
	<p>11. Apreciar os medios mariños e relacionalos con actividades de verán.</p>	<p>11.1. Realiza unha paisaxe mariña en relación con actividades de vacacións ou estivais.</p>
	<p>12. Coidar e conservar os materiais, os utensilios e os espazos.</p>	<p>12.1. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.</p>

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Describe as calidades dunha imaxe primaveral.	<ul style="list-style-type: none"> Composición dunha paisaxe primaveral coa situación dos elementos buscando a harmonía compositiva.
2.1. Utiliza as texturas artificiais.	<ul style="list-style-type: none"> Representación de texturas mediante as pegadas dactilares, a esponxa e os materiais reciclable.
3.1. Usa a esponxa para crear estampados. 3.2. Mostra confianza nas posibilidades da súa obra artística.	<ul style="list-style-type: none"> Creación de árbores mediante o estampado coa esponxa e as témperas. Satisfacción ao utilizar unha técnica para representar textura co conseguinte resultado.
4.1. Recoñece as froitas como elementos do medio natural. 4.2. Identifica as liñas do contorno das froitas.	<ul style="list-style-type: none"> Debuxo e coloreado de froitas con formas e cores variadas. Apreciación e realización de formas esquemáticas como base de debuxo.
5.1. Realiza debuxos e ilustracións utilizando materiais como os papeis de cores.	<ul style="list-style-type: none"> Composición con papeis resgados coas mans coas formas adecuadas.
6.1. Recoñece a figura de Joaquín Sorolla como un valor artístico significativo na nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun crebacabezas que induce á observación detallada dunha obra de arte do patrimonio cultural.
7.1. Respecta as normas sociais nas exposicións.	<ul style="list-style-type: none"> Participación activa e respectuosa nos comentarios de obras de arte e ante os traballos propios e alleos.
8.1. Declama adecuadamente un texto.	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación dun personaxe.
9.1. Describe oralmente as impresións que sente nunha representación teatral, usando o vocabulario apropiado.	<ul style="list-style-type: none"> Participación activa nunha obra teatral, apreciando o seu valor artístico.
10.1. Experimenta con diferentes tipos de materiais (rotuladores, témperas e material reciclable) para crear as súas propias obras plásticas.	<ul style="list-style-type: none"> Apreciación dos diversos materiais e a súa respectiva conveniencia e utilidade para crear obras plásticas.

10.2. Elabora un barco con material reciclable e unha casa de campo con pezas acuñadas.	<ul style="list-style-type: none">• Elaboración dun barco viquingo con material reciclable e unha construción tridimensional con pezas acuñadas.
11.1. Realiza unha paisaxe mariña en relación con actividades vacacionais ou estivais.	<ul style="list-style-type: none">• Realiza unha composición sobre o fondo do mar.
12.1. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.	<ul style="list-style-type: none">• Respecto e coidado do espazo e dos materiais en todas e cada unha das actividades.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésaa por medio de palabras. Comenta os referentes cotiáns presentes nos modelos e opina sobre as obras do patrimonio artístico. Participa nunha dramatización e interpreta o personaxe coa expresión e a entoación adecuadas.
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura comprensiva do texto teatral e das ordes de traballo das actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.	Aplica os coñecementos aprendidos ao manexar as formas esquemáticas do debuxo e para construír un crebacabezas e obxectos tridimensionais.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Manexa as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición nas súas creacións mediante ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Aproveita materiais reciclables e relaciona motivos plásticos con proxección social: praia, medios de transporte e viaxes, regalos, actividades na natureza...
	<i>Educación en valores:</i> aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar o medio, a ter hábitos saudables, a compartir ideas creativas e a participar nunha obra teatral con compañeirismo e sentido do humor.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Valora o teatro como un xénero artístico. Identifica a creación plástica como medio de expresión e enriquecemento cultural.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Programacións (PR) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Compoñemos paisaxes.

- Apreciamos as características da primavera (LA).
- Compoñemos unha paisaxe mediante recortado e pegado de pezas sobre unha base (LA).
- Representamos unha paisaxe mariña (LA).

Tarefa 2: Traballamos as texturas.

- Representamos flores con pegadas dactilares (LA).
- Formamos árbores con estampados de esponxa con témpera (LA).
- Facemos unha colaxe con papeis resgados (LA).
- Utilizamos variedade de cor ao realizar un bodegón de froitas (LA).

Tarefa 3: Representamos flores.

- . Representamos un ramo de flores (LA).
- . Representamos flores de primavera (LA).

Tarefa 4: Utilizamos as formas xeométricas.

- Recortamos formas rectangulares para compoñer un crebacabezas (LA).
- Manexamos formas xeométricas de material reciclable (LA).

Tarefa 5: Realizamos actividades relacionadas coa sociedade.

- Realizamos unha actividade sobre medios de transporte: avión, barco viquingo (LA).
- Relacionamos o barco viquingo e o avión coa vida e os costumes de épocas diferentes (LA).
- Realizamos unha construción tridimensional dunha casa de campo (LA).

Tarefa 6: Coñecemos o patrimonio artístico.

- Realizamos un crebacabezas sobre un cadro de Joaquín Sorolla (LA).

Tarefa 7: Interpretamos unha obra teatral.

- Realizamos unha lectura comprensiva do texto, interpretamos un personaxe, exercitamos a expresión oral e corporal, participamos en grupo e desenvolvemos o sentido do humor (LA).

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade a realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo reflexivo individual ante o resultado das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos: xuntar os alumnos en grupos de tres ou catro nenos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo

suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo de grupo, interdependencia positiva e interacción cara a cara.

- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Realización dos pasos previos para a interpretación teatral: lectura comprensiva, memorización, declamación, expresión corporal, caracterización de vestiario, atrezzo e posta en escena.

8. RECURSOS DIXITAIS

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

Tamén a consulta de páxinas web da proposta didáctica, así como as actividades recomendadas de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación da unidade (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana... (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?